



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

E tu telo, telo, telo
telo queridiña
E tu telo, telo, telo
pero non o queres dar
telo queridiña
deixa pra vella
que despois halo desalar.

Ai o cura de Vigo é xastre
e o de Cangas mariñeiro
o de Ourense afilador
e o de Allariz zapateiro.

Se mo deches non mo deras
que eu pedir non cho pedín
déchello a quen quixeches
e aspuxéchesmo a min.

Namoreime queridiña
ai dos olliños dunha nena
e agora que vou velliño
ai a nene quen a poidera.

Non te rías Manuela
non te rías por favor
ai que debaixo da cama
cubra a tu cobertor.

Chamachesme tiravirgos
inda non tirei ningún
ponte a xeito tu Manuela
que imos tirar agora un.

Ai encima de ti me pongo
ai puente de la colombiana
encima de ti me poño
por ver como corre a i-auga.

Casadiña de tres días
mandei traballa-lo home
traballa meu corneán
quen no no ten no no come.